



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 561

IX lexislatura

27 de novembro de 2015

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Proxectos de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Rexeitamento das emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei do solo de Galicia [- 42810 (09/PL-000029)] [131041](#)

Designación da Ponencia que emitira informe sobre Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 [- 42960 (09/PL-000030)] [131041](#)

1.1.2.2. Outras propostas de normas

1.1.2.2.7. Mandato marco da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Non acada maioría

- 39517 (09/RTMM-000001)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Proposta de mandato marco da corporación RTVG [131041](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 43900 (09/MOC-000148)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación sociolaboral de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 38435, publicada no BOPG nº 509, do 27.08.2015, e debatida na sesión plenaria do 10.11.2015)

[131041](#)

- 43912 (09/MOC-000149)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón

Sobre a constitución dunha delegación parlamentaria para realizar visitas de traballo a diversas instalacións relacionadas coas probas con drones militares en territorio galego, e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 41626, publicada no BOPG nº 527, do 30.09.2015, e debatida na sesión plenaria do 10.11.2015) [131042](#)

- 43921 (09/MOC-000150)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión da sanidade pública na provincia de Ourense. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 39987, publicada no BOPG nº 511, do 02.09.2015, e debatida na sesión plenaria do 10.11.2015) [131042](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 39387 (09/PNP-002863)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel, e nove deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de ampliación do Hospital da Costa, previstas no seu plan director [131042](#)

Aprobación con modificacións

- 39876 (09/PNP-002905)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Oubiña Solla, Rosa, e oito deputados/as máis

Sobre a regulación pola Xunta de Galicia da formación en igualdade, así como en prevención e loita contra a violencia de xénero, do persoal ao servizo da Administración autonómica [131042](#)

Rexeitamento da iniciativa

- 41820 (09/PNP-003033)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa pro-

tección e inserción laboral das persoas desempregadas de longa duración, nomeadamente das maiores de 45 anos [131043](#)

- 41831 (09/PNP-003034)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a constitución polo Goberno galego dunha comisión para o seguimento do cumprimento dos acordos adoptados en Madrid para afrontar a situación do sector lácteo e a realización de propostas para resolver a súa problemática [131043](#)

- 42097 (09/PNP-003064)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen, e dous deputados/as máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para a inclusión, antes do remate do ano 2015, da vacina contra a meninxite tipo B no calendario de vacinación obrigatoria [131043](#)

- 42103 (09/PNP-003066)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e tres deputados/as máis

Sobre a adopción de medidas pola Xunta de Galicia para a implantación, antes do remate do ano 2015, da nova oficina xudicial nos xulgados das sete grandes cidades galegas, así como en todos os órganos cabeceira de partido xudicial [131043](#)

- 43136 (09/PNP-003149)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao presidente do Goberno central en relación coa pasada guerra de Iraq [131043](#)

- 43206 (09/PNP-003162)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e tres deputados/as máis

Sobre as modificacións que debe trasladar o Goberno galego ao Goberno central para a súa introdución na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero [131043](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 23 de novembro de 2015 polo que se aproba a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de director/a-interventor/a da Administración do Parlamento de Galicia [131044](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Rexeitamento das emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei do solo de Galicia

O Pleno do Parlamento, na sesión do 24 de novembro de 2015, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento de emendas á totalidade

- 42810 (09/PL-000029)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei do solo de Galicia

BOPG nº 537, do 19.10.2015

Sométense a votación as emendas á totalidade de devolución, e resultan rexeitadas por 31 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2015

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

Designación da Ponencia que emitira informe sobre Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 26 de novembro de 2015, adoptou os seguintes acordos:

Designación da Ponencia

- 42960 (09/PL-000030)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016

BOPG nº 538, do 20.10.2015

G.P. Popular de Galicia:

D. Pedro Puy Fraga (titular)

D. Gonzalo Trenor López (suplente)

G.P. dos Socialistas de Galicia:

D. Juan Carlos González Santín (titular)

D. José Luis Méndez Romeu (suplente)

G.P. da Alternativa Galega de Esquerda:

Dª Yolanda Díaz Pérez (titular)

D. Antón Sánchez García (suplente)

G.P. do Bloque Nacionalista Galego:

D. Francisco Xesús Jorquera Caselas (titular)

Dª Ana Belén Pontón Mondelo (suplente)

G.P. Mixto:

Dª María Consuelo Martínez García (titular)

Dª Carmen Iglesias Sueiro (suplente)

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2015

María Soledad Soneira Tajés

Vicepresidenta 2ª

O Pleno do Parlamento, na sesión do 24 de novembro de 2015, adoptou os seguintes acordos:

1.1.2.2. Outras propostas de normas

1.1.2.2.7. Mandato marco da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Non acada maioría

- 39517 (09/RTMM-000001)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Proposta de mandato marco da corporación RTVG

BOPG nº 518, do 14.09.2015

Rexeitados os votos particulares, sométese a votación e obtén 41 votos a favor e 31 votos en contra, polo que non acada a maioría de tres quintos necesaria para a súa aprobación.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 43900 (09/MOC-000148)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación sociolaboral de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 38435, publicada no BOPG nº 509, do 27.08.2015, e debatida na sesión plenaria do 10.11.2015)

BOPG nº 555, do 18.11.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 30 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 43912 (09/MOC-000149)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Vázquez Díaz, Ramón

Sobre a constitución dunha delegación parlamentaria para realizar visitas de traballo a diversas instalacións relacionadas coas probas con drones militares en territorio galego, e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 41626, publicada no BOPG nº 527, do 30.09.2015, e debatida na sesión plenaria do 10.11.2015)

BOPG nº 555, do 18.11.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 13 votos a favor, 56 votos en contra e ningunha abstención.

- 43921 (09/MOC-000150)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión da sanidade pública na provincia de Ourense. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 39987, publicada no BOPG nº 511, do 02.09.2015, e debatida na sesión plenaria do 10.11.2015)

BOPG nº 555, do 18.11.2015

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Puntos 2, 3 e 4: rexeitados por 30 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

Puntos 5 e 6: rexeitados por 30 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

Puntos 1, e 7 ao 13: rexeitados por 29 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 39387 (09/PNP-002863)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel, e nove deputados máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de ampliación do Hospital da Costa, previstas no seu plan director

BOPG nº 504, do 10.08.2015

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 40 votos a favor, 7 votos en contra e 24 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar co proxecto e coas actuacións de ampliación do Hospital da Costa, previstas no seu plan director.»

Aprobación con modificacións

- 39876 (09/PNP-002905)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Oubiña Solla, Rosa, e oito deputados/as máis

Sobre a regulación pola Xunta de Galicia da formación en igualdade, así como en prevención e loita contra a violencia de xénero, do persoal ao servizo da Administración autonómica

BOPG nº 511, do 02.09.2015

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 40 votos a favor, 24 votos en contra e 4 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Regular, a través do instrumento normativo máis axeitado, a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Planificar e coordinar, a través da Secretaría de Igualdade, en colaboración co resto da Administración autonómica e do Estado, un plan formativo desde unha perspectiva de xénero en materia de violencia machista dedicada ao persoal público de Galicia.

3. Dispor de orzamento suficiente para esta materia, sendo esta formación de carácter obrigatorio.

4. Iniciar o plan formativo polos servizos de atención directa ás vítimas de violencia de xénero ou aqueles onde poidan ser atendidas posibles vítimas (urxencias sanitarias, atención primaria, oficinas de denuncias, etc).

5. Deseñar o plan en colaboración cos CIM e colectivos sociais e feministas que traballen coas vítimas de violencia de xénero.»

Rexeitamento da iniciativa

- 41820 (09/PNP-003033)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa protección e inserción laboral das persoas desempregadas de longa duración, nomeadamente das maiores de 45 anos
BOPG nº 527, do 30.09.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 41831 (09/PNP-003034)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa

Sobre a constitución polo Goberno galego dunha comisión para o seguimento do cumprimento dos acordos adoptados en Madrid para afrontar a situación do sector lácteo e a realización de propostas para resolver a súa problemática
BOPG nº 527, do 30.09.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 42097 (09/PNP-003064)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen, e dous deputados/as máis
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para a inclusión, antes do remate do ano 2015, da vacina contra a meninxite tipo B no calendario de vacinación obrigatoria
BOPG nº 531, do 07.10.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 42103 (09/PNP-003066)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia, e tres deputados/as máis

Sobre a adopción de medidas pola Xunta de Galicia para a implantación, antes do remate do ano 2015, da nova oficina xudicial nos xulgados das sete grandes cidades galegas, así como en todos os órganos cabeceira de partido xudicial
BOPG nº 531, do 07.10.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 43136 (09/PNP-003149)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao presidente do Goberno central en relación coa pasada guerra de Iraq
BOPG nº 545, do 04.11.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 15 votos a favor, 40 votos en contra e 16 abstencións.

- 43206 (09/PNP-003162)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e tres deputados/as máis
Sobre as modificacións que debe trasladar o Goberno galego ao Goberno central para a súa introdución na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero

BOPG nº 545, do 04.11.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2015

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 23 de novembro de 2015 polo que se aproba a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de director/a-interventor/a da Administración do Parlamento de Galicia

Ao abeiro do establecido no artigo 29 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do 23 de novembro de 2015, acordou aprobar a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de director/a-interventor/a da Administración do Parlamento de Galicia, conforme as seguintes bases:

Primeira. Apróbase a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de director/a-interventor/a da Administración do Parlamento de Galicia, código AP56 da relación de postos de traballo do persoal da Administración do Parlamento de Galicia.

As características do posto son as seguintes:

1. Grupo de titulación: A.
2. Nivel de complemento de destino: 30.
3. Administración: pertenza a corpos ou escalas superiores de intervención ou a outros corpos ou escalas superiores na especialidade ou con funcións de intervención
4. Complemento específico: 32.663,54 euros.
5. Centro directivo: Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos:

Segunda. Poderán concorrer á convocatoria os funcionarios e as funcionarias de carreira de calquera administración pública, grupo A, que pertencen a corpos ou escalas superiores de intervención ou a outros corpos ou escalas superiores na especialidade ou con funcións de intervención.

Terceira. O persoal funcionario interesado poderá presentar a súa solicitude no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia, rúa do Hórreo nº 63 en Santiago de Compostela, no prazo de quince días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, na cal deixará constancia dos datos do posto que viñese desempeñando e dos méritos que desexe alegar.

Para participar nesta convocatoria solicítase que a persoa interesada formalice a petición de acordo co modelo que se inclúe no anexo.

Os aspirantes deberán achegar á súa petición un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos alegados.

Cuarta. Consonte ao disposto no artigo 29.2 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, a convocatoria resolverá a Mesa do Parlamento por proposta do letrado oficial maior.

Quinta. A resolución desta convocatoria farase pública no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. De se considerar oportuno, poderá declararse que non procede a cobertura do posto de traballo.

Sexta . O prazo de toma de posesión da persoa seleccionada será de tres días hábiles, de estar o destino anterior na mesma localidade, de sete días se comporta cambio de residencia, ou de vinte días se comporta o reingreso no servizo activo.

O prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte ao do cesamento nese destino, se é o caso, que deberá producirse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* da resolución da libre designación.

Se a resolución comporta o reingreso no servizo activo, o prazo de toma de posesión comezará a contar desde a data seguinte á súa publicación.

Sétima. Contra o acordo polo que se aproba esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a Mesa do Parlamento no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2015

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Anexo
Modelo de solicitude

Datos persoais:

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
DNI	Data de nacemento	Teléfono
Enderezo	Localidade-Concello	Provincia
Corpo ou escala	Grupo	Nº R.P.
Destino actual	Grao consolidado	
Administración	Dependencia	Localidade

SOLICITO:

Ser admitido/admitida á convocatoria pública para proveer o posto de traballo polo sistema de libre designación, aprobada por acordo da Mesa do 23 de novembro de 2015, por considerar que reúno os requisitos esixidos para presentarme ao posto de traballo que se indica:

Designación do posto de traballo	Nivel Complemento de destino	Centro directivo ou unidade de que depende	Localidade
Director/a-interventor/a da Administración do Parlamento de Galicia,	30	Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos	Santiago de Compostela

Tempo de servizos prestados	Anos	Meses	Días
No corpo actual:			
Noutros corpos:			
No actual posto de traballo:			
Outros destinos anteriores:			
Títulos académicos:			
Coñecemento da lingua galega: Fala: <input type="checkbox"/>	Escribe: <input type="checkbox"/>	Entende: <input type="checkbox"/>	
Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria:			
Outros méritos que a persoa candidata desexe facer constar:			

(Lugar, data e sinatura)

Sra. presidenta do Parlamento de Galicia



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727